

MY CITY
MAVILLE

FERRAMENTAS TIC NO DESEÑO DE TAREFAS NAS LÍNGUAS ESTRANXEIRAS

CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS

PONTEVEDRA

XURXO
COBELAS

PROXECTO
2015

WWW.XURXOCOBELAS.COM

INTRODUCCIÓN

O curso, *Ferramentas Tic no deseño de tarefas nas linguas estranxeiras*, está plantexado como unha introducción a aquelas ferramentas que nos poden resultar máis útiles e prácticas á hora de traballar cos nosos alumnos.

É importante subliñar que é unha introducción a este tipo de ferramentas e que profundizaremos nelas na medida que o tempo dispoñible o permita.

Durante o curso o obxectivo será ir elaborando unha especie de unidade didáctica cuxo tema principal será a vosa cidade (My City / Ma Ville).

As actividades que se plantexarán durante o curso están deseñadas para ser levadas a cabo polos vosos alumnos, e deste xeito, ir vendo a súa utilidade real na aula e a súa viabilidade.

O resultado final pretendemos que sexa unha especie de guía turística elaborada por vos, con actividades e material realizado utilizando todas estas ferramentas.

Tamén resaltar que a temporalización do curso é orientativa e poderá variar ou sufrir modificacións.

Esperamos que sexa do voso agrado.

Xurxo

GUIÓN DE CONTIDOS

Luns día 19 de xaneiro:

Aula Virtual I (Moodle): Introducción ao seu manexo. Matriculación de usuarios. Creación e edición de cursos.

Mércores día 21 de xaneiro:

Aula Virtual II: Introducción de recursos (etiquetas, páxinas de texto, libros,...). Elaboración de preguntas e actividades (cuestionarios, glosarios, tarefas,..). Avaliación online. Cualificacións.

Luns día 26 de xaneiro:

A imaxe: Creación de posters, montaxes fotográficas sobre a nosa cidade. Edición de imaxe utilizando Smartphones e Tablets*.

Mércores día 28 de xaneiro:

O vídeo: Gravación e edición de vídeo. Creación de unha guía didáctica en inglés sobre algún lugar de interese da nosa cidade. Storytelling e Roleplay. Como sacar aos alumnos da súa zona de confort. Utilización de Smartphones e Tablets para a gravación e edición de vídeo*.

Xoves día 29 de xaneiro:

Novos medios: Smartphones e tablets. Manexo básico. Xestión da aula con estas ferramentas. Búsqueda de aplicacións.



* Si os días 26 e 28 de xaneiro non temos suficiente tempo, o día 29 veremos a edición de imaxe e de vídeo.

Luns 2 de febreiro:

Pizarra dixital interactiva: A PDI aplicada ás linguas estranxeiras. Elaboración de actividades relacionadas coa nosa cidade. Lugares para o almacenamento de documentación na rede. Publicación de actividades.

Mércores 4 de febreiro:

LIM: Libro interactivo multimedia. Edición do libro. Elaboración de actividades. Publicación.

Luns día 4 de febreiro:

Introducción ao Blog: Manexo básico e dúbidas que poida haber sobre o seu manexo. Publicación de contidos.

Centro de Formación e Recursos de Pontevedra

Asesora: Carmen Martínez Dapena

Mail: cfr.pontevedra.linguasestranxeiras@edu.xunta.es